


Aloxamento para estudantes

Residencias das Universidades

Centros residenciais docentes da Consellería de
Educación

Residencias da Dirección Xeral de Xuventude

Centros residenciais docentes da Consellería do Medio
Rural e do Mar



2016-2017

RESIDENCIAS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA



Prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo



A Universidade de Vigo convoca para o curso académico 2016-2017, prazas e bolsas de aloxamento para estudantes. As prazas que se ofertan nesta convocatoria son as que se detallan a continuación:

[Campus de Vigo:](#)

Complexo residencial universitario "O Castro":

19 prazas en apartamentos individuais con cociña individual.

199 prazas en apartamentos individual con cociña compartida (6 adaptadas para discapacitados).

[Campus de Pontevedra:](#)

Residencia concertada "A Peregrina":

8 prazas en habitacións individuais.

60 prazas en habitacións dobres.

[Campus de Ourense \(Allariz\):](#)

Complexo residencial concertado "ALCAI":

10 prazas en apartamentos con habitación individual (cinco apartamentos).

Os impresos de solicitude de praza e bolsa de aloxamento deberán ser cumprimentados no modelo de solicitude que aparece na web:

<https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/index.php?modulo=solicitudResidencia>

O prazo de presentación de solicitudes está aberto ata o **3 de xullo de 2016**.

Máis información:

Vicerretoría de Extensión Universitaria, tfno.: 986 813 603, 986 813 817 e 986 813 626 e en

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/extension/siope/servizos/residencias_propias.html

Vigo: <http://www.resa.es/Residencias/O-Castro>

Ourense (actualmente en obras):

<http://www.resa.es/Residencias/As-Burgas>

Pontevedra:

<http://webs.uvigo.es/servicios/webext/residencias/po01.htm>

Allariz:

http://www.uvigo.es/uvigo_es/conocenos/aloxamento/allariz.html

Bolsa de pisos para alugar:

http://uvigo.es/uvigo_gl/administracion/extension/siope/servizos/bolsa_pisos.html



Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Santiago de Compostela



A Universidade de Santiago de Compostela [convoca](#) prazas de aloxamento para o curso académico 2016-2017.

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2016-2017 é de 1071.

O SUR proporciona aloxamento ó estudiantado e demais membros da comunidade universitaria, así como a outras persoas que, aínda que non pertencen a esta Universidade, participen nas actividades organizadas por ela. Para apoiar isto a Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua, no primeiro trimestre de cada curso académico, convoca e adxudica bolsas de colaboración (biblioteca, informática, socio-culturais, deportivas, etc.), ás que poden acceder residentes e colexiais.

Requisitos: estudiantado de readmisión e de nova admisión de grao, de 1º, 2º Ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento, de cursos de posgrao propios, e investigadores en formación.

Campus de Santiago de Compostela:

[Colexio Maior Fonseca](#). Tfno.: 881 814 376

[Colexio Maior Rodríguez Cadarso](#). Tfno.: 881 814 354

[Colexio Maior San Clemente](#). Tfno.: 881 814 312

[Residencia Universitaria Burgo das Nacións](#). Tfno.: 881 811 952

[Residencia Universitaria Monte da Condesa](#): Tfno.: 881 813 531

Campus de Lugo:

[Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay](#). Tfno: 982 824 300/301/302

Prazos:

Para os solicitantes de nova admisión: **dende o día 1 ao 27 de xuño de 2016** ambos os dous inclusive.

Máis información no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, tfno.: 881 814 574/582

<http://www.usc.es/sur>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade da Coruña



As residencias universitarias son servizos de asistencia destinados a proporcionar aloxamento ao membros da comunidade Universitaria.

Prazo:

Para o curso 2015-2016 o prazo de presentación estará aberto ata o día **24 de xullo de 2015**

Requisitos:

Matricularse na Universidade da Coruña no curso 2015-2016 en estudos conducentes a grao ou ben nun mestrado universitario oficial, en réxime presencial e de matrícula a tempo completo.

O estudantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios mediante as PAAU deberá ter nas mesmas unha cualificación igual ou superior a 5. No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios sen PAAU deberá de ter un 5 de nota media nos estudos que lle dean acceso á universidade.

O resto do estudantado (primeiro e segundo ciclo, grao e mestrado universitario oficial) deberán ter como mínimo a media seguinte:

- En estudos de ensino técnico: 3,5

- Nos restantes estudos universitarios e superiores: 4

A Coruña: Residencia Rialta <http://residencia.rialta.net/inicio/>

Ferrol: Residencia Portanova <http://www.residenciaportanova.com/>

<http://www.udc.es/sape/aloxamento>

RESIDENCIAS DA XUNTA DE GALICIA

Centros Residenciais Docentes da Consellería
de Educación. Curso 2015/2016



Prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

A Consellería de Educación convoca prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2015/16.

Requisitos:

A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

- a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, poderán ser eximidos deste requisito os solicitantes nos cales concorran circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas e acreditadas.

Requisito de renda da unidade familiar:

Para determinar as bolsas e bonificacións en función da renda familiar, terase en conta o limiar 2 fixado polo Real decreto 472/2014, do 13 de xuño, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2014/15 (Boletín Oficial del Estado núm. 144, do 14 de xuño).

Se a renda da unidade familiar é igual ou inferior ao limiar 2, o beneficiario terá praza gratuíta.

Se a renda da unidade familiar é superior ao limiar 2, o beneficiario deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- a) Ata un 10 %: 538 €.
- b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 825 €.
- c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.307 €.
- d) Máis do 30 %: 1.968 €.

Prazos:

a) Para os solicitantes matriculados en Bacharelato ata o 17 de xullo de 2015.

b) Para os solicitantes matriculados en ciclos formativos ata o 7 de agosto de 2015

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento ED306A

Máis información no DOG do 18 de xuño de 2015 e nos CRD:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

Colaboradores bolsiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

A Consellería de Educación convoca 30 prazas de colaboradores bolsiros para o curso 2015/2016, nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo:

CRD da Coruña: 18 prazas.

CRD de Ourense: 6 prazas.

CRD de Vigo: 6 prazas.

Requisitos:

- a) Dezaoto anos cumpridos, ou acadar esta idade dentro do ano natural 2015.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- c) A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanzas universitarias de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2015/16.

Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:

- a) Estudos de grao: 60 créditos.
 - b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan.
- Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas. Non obstante, os solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculados no número mínimo indicado a seguir:
- a) Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
 - b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % do créditos indicados.

Incompatibilidades

1. As persoas beneficiarias de praza de colaborador bolsiro non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado.
2. Así mesmo, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.
3. A condición de beneficiario será compatible coa obtención de axudas na convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.

As bolsas podense solicitar en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED308A**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 7 de agosto de 2015.

Máis información no DOG do 14 de xullo de 2015 e en www.edu.xunta.es

Residencias da Dirección Xeral de Xuventude. Curso 2016/2017



Imaxe da Residencia Florentino López Cuevillas (Ourense)

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dispón de instalacións que durante o curso académico funcionan como residencias xuvenís. Como é habitual as ditas instalacións pónense a disposición dos mozos/as estudantes, reservando un 9% das prazas para a mocidade traballadora e resérvase tamén un 9% para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen.

As instalacións a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico ofrecen aloxamento e mantenza, nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.

Convocatoria para o curso académico 2016/17: **220 prazas.**

Prazo de presentación de solicitudes:

Estará aberto ata o **27 de maio de 2016.**

As solicitudes descárganse ou realízanse telematicamente dende a sede electrónica da xunta <https://sede.xunta.es> entrando no procedemento *BS303B* para estudantes e *BS303D* para traballadores/as.

Requisitos xerais:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

- Non ter perdido a condición de residente por causa imputable a persoa solicitante.

-Ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30, na data do 31 de decembro de 2016.

A mocidade estudante, ademais:

- Cursar estudos de formación profesional ou ciclos formativos, de bacharelato, estudos universitarios tendentes á obtención do título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanza artística.

- Que no concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos cales o/a solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia habitual.

A mocidade traballadora tamén deberán cumprir os seguintes:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual da persoa solicitante.

- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses contados desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

Prezo:

a) Habitación dobre: 324 € por residente e mes.

b) Habitación cuádrupla: 250 € por residente e mes.

Período de estadía:

O período máximo de estadía das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017. Exceptúanse os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

As persoas beneficiarias que teñan a condición de estudantes, iniciarán e finalizarán a súa estadía na residencia coincidindo co curso académico no que estiveran matriculadas (respectando sempre o período máximo antes indicado) e en todo caso concluirán a súa estadía co remate dos estudos desenvolvidos.

En calquera caso as persoas beneficiarias deberán iniciar a súa estadía na residencia como prazo máximo o 31 de outubro.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS303B para estudantes e BS303D para traballadores/as.

Máis información no DOG do 27 de abril de 2016

Lugo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>


Ourense:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

Persoas colaboradoras bolseiras nas residencias da [Dirección Xeral de Xuventude](#)



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2015/2016.

Prazas:

Lugo. Centro Residencial Xuvenil LUG: 4 prazas.

Ourense. Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.

Vigo. Altamar: 6 prazas.

Requisitos:

Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data do 31 de decembro do ano en curso.

Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do IPREM* do ano en curso.

Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.

Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 4 de xuño de 2015.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento *BS303C*

Máis información no DOG do 4 de maio de 2015.

Residencias:

Lugo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>


Vigo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

** O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, bolsas, subvencións ou o subsidio de desemprego.*

Para 2014 fixouse en 532,51 € mensuais.

Residencias da Consellería do Medio Rural e do Mar



Prazas de residencia e de manutención nas residencias da Consellería do Medio Rural e do Mar. Curso 2014/2015

A Consellería do Medio Rural e do Mar convoca ás prazas de residencia e de comedor nos seus centros residenciais para o curso 2014/15.

Requisitos:

Estar matriculado nos centros de formación dependentes desta consellería e realizar os seguintes estudos:

a) Marítimo-pesqueiros:

Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional marítimo-pesqueira.

b) Náutico-pesqueiros:

Capitán de pesca, patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e mariñeiro pescador.

c) Agroforestais:

Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional agroforestal.

As prazas poderán adxudicarse nas seguintes *modalidades*:

a) Residencia en pensión completa.

b) Media pensión.

c) Xantar diario non regular.

Prazas:

[Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo \(Pontevedra\)](#)

65 pensión completa
5 media pensión e xantar diario non regular

[Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol \(A Coruña\)](#)

40 pensión completa
5 media pensión e xantar diario non regular

[Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán \(Pontevedra\)](#)

48 pensión completa
42 media pensión e xantar diario non regular

[Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude \(A Coruña\)](#)

45 pensión completa
33 media pensión e xantar diario non regular

[Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Becerreá \(Lugo\)](#)

0 pensión completa
45 media pensión e xantar diario non regular

O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 2 de agosto de 2014.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE606A

Máis información no DOG do 21 de xullo de 2014 e en www.medioruralemor.xunta.es